

Madrygal. Revista de Estudios Gallegos

ISSN: 1138-9664

 EDICIONES
COMPLUTENSE<http://dx.doi.org/10.5209/MADR.57663>

MONTERO DOMÍNGUEZ, Xoán. (ed.) (2017): *El doblaje. Nuevas vías de investigación*. Granada: Editorial Comares, 118 pp.

No ano que nos ocupa, cúmprense dous decenios da aparición das tres obras de Alejandro Ávila Bello –*El doblaje, Historia del doblaje cinematográfico* e *La censura en el doblaje cinematográfico en España*– que viñeron cubrir a carencia de bibliografía especializada que no Estado había en materia de dobraxe. Unha década despois, en posición equidistante con aquelas publicacións e o noso presente, no seo da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo, Xoán Montero Domínguez organiza o *I Congreso de Tradución para a dobraxe en Galicia, País Vasco e Cataluña*, convocando as experiencias investigadoras e profesionais de diversas figuras nesta disciplina por parte das tres nacionalidades históricas. En 2017, Montero Domínguez publica un novo libro: *El doblaje. Nuevas vías de investigación*.

Inaugúrase este volume, número 163 da colección Interlingua da editorial Comares, coa verba senlleira de Frederic Chaume Varela, nun prólogo que reflexiona acerca de como a dobraxe aínda segue a ser un terreo ermo no ámbito investigador; ademais, repara de xeito sucinto sobre cada capítulo e dá conta do carácter renovador que achega este monográfico. Montero Domínguez, en calidade de editor, declara na introdución as intencións vertidas na obra: “ofrecer una perspectiva original que incida en las diversas partes del proceso de doblaje y no única y exclusivamente en la fase de traducción”, e presenta o octeto das voces que a conforman con cadanseu traballo, ofrecendo un ficego sumario.

O propio Montero Domínguez inaugura o repertorio capitular cunha panorámica histórica desde o nacemento da dobraxe, para achegar a súa hipótese acerca do uso desta modalidade tradutora como ferramenta de

nacionalización por parte do Estado español, impondo o castelán sobre as demais linguas do territorio abranguido, e como este uso acabou tendo reversión a prol da normalización lingüística nos países vasco, catalán e galego, sumándolle a isto unha ollada ao moito máis recente caso asturiano.

No seguinte capítulo, Josu Barambones Zubiria préstalle atención á funcionalidade fronte á literalidade no momento de traducir para a dobraxe, centrándose na estratexia da creación discursiva, coa que o resultado final da tradución deberá manter coherencia consonte a imaxe para que a obra ofrezca un resultado convincente atendendo a criterios pragmáticos.

Laura Santamaria Guinot reparte o seu interese entre os diálogos e as imaxes da obra audiovisual, así como a relación que manteñen entre si estes códigos para resultar nun mesmo significado, e a transposición que senllos signos poidan ter mediante a dobraxe e a audiodescripción, técnica que toma protagonismo neste seu traballo de carácter semiolóxico.

A multimodalidade é o punto de partida titular do capítulo de Miguel Cuevas Alonso, que, servíndose da Teoría da Relevancia, fixa o seu obxectivo na entoación, en como este aspecto determina a semántica do enunciado no discurso oral e, xa que logo, como esta calidade da voz debe ser tida en conta polo actor de dobraxe no exercicio profesional.

Rosalía Rodríguez Vázquez avoga no seu lance por un criterio de base prosódica para a fase de axuste do guión para a dobraxe, coa análise fonético-fonolóxica dos enunciados orixinais, atendendo ao acento tónico, ritmo e ton do enunciado orixinal, para asentar encol destes aspectos o texto final, a favor dun mellor resultado na busca da sincronía.

Facendo unha pequena creba no discurso procesual do libro, a locución informativa centra o traballo de Xosé Ramón Pousa Estévez, que se encarga de definir esta técnica específica mediante principios e técnicas deco- te relacionados coa dobraxe.

Charo Pena Torres divide a súa exposición en dúas grandes epígrafes, nomeadamente, o binomio formado polos conceptos de axuste e adaptación, e a dirección; labores que adoito se levan á práctica pola mesma persoa na realidade profesional da dobraxe, e que neste apartado son considerados con precisa atención, servindo como guía para o seu coñecemento detallado.

Clausura o volume a lección maxistral de Gerardo Couto Lorenzo, achegándonos ás funcións propias do director de dobraxe, cargo co que se asume a máxima responsabilidade no proceso cunha serie de esixencias específicas, alén de levar a batuta do elenco dobrador, que parten desde a encarga da tarefa, ata o visionamento final.

Como acabamos de ver, estamos perante unha obra colectiva que, desde as perspectivas especializadas na teoría ou na práctica, fai un percorrido a través de diferentes elos na cadea da dobraxe alén dunha visión segmentada da

tradución de guións. Botamos en falta, sen dúbida, o punto de vista dalgún actor, así como podería ser interesante a afouteza de abordar as visións de produtores, técnicos de son, ou mesmo de representantes doutros axentes condicionantes do resultado final, como clientes e estudos; isto será materia a considerar para un vindeiro volume. Ora ben, os oito relatorios ofrecen un estudo, case transversal, desta complexa modalidade da tradución audiovisual, a través de textos de especialidade con perspectivas innovadoras. O monográfico aglutina unha visión pluridisciplinar, digna de ser prescrita para estudosos que desexen afondar en aspectos da materia que, en xeral, son pouco coñecidos. Estamos perante un exercicio que parte da madurez para, asemade, chegar renovación no indagar desta disciplina, tan precisa de obras coma esta, da que estamos convencidos da súa repercusión en futuras investigacións. *El doblaje. Nuevas vías de investigación* é, en definitiva, un documento chamado a se converter en manual de referencia para especialistas en dobraxe.

UXÍO COUTO CARBALLIDO
Universidade de Vigo
ucouto@alumnos.uvigo.es